Establécense dous sistemas de avaliación: continua (probas e actividades desenvolvidas ao longo do cuatrimestre) e global (datos oficiais de exame para cada oportunidade de avaliación establecida no calendario académico), entre os que o alumnado poderá elixir. Para superar a avaliación continua o alumnado deberá acadar una calificación mínima do 50% en cada un dos ítems de avaliación. En caso de non acadar a calificación mínima nalgún dos ítems de avaliación, a máxima nota posible será a máis alta dentro do suspenso (Artigo 32.2 do Regulamento sobre a Avaliación da Universidade de Vigo, do 2023).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma deteledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo, do 2023). O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global será avaliado do programa da materia mediante una proba teórica (40%) e un traballo obrigatorio a consensuar co profesorado (60%)

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Piñeira, M.J. y Santos, J.M., **Xeografía de Galicia**, 1, Xerais, 2011
Varios Autores, **Atlas de Galicia**, 1, Xunta de Galicia, 2001

Varios Autores, **Patrimonio Geológico de Galicia**, 1, Enresa, 2004

IGE, **Instituto Galego de Estatística**, <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>, Acceso 2002

SITGA, **Información Xeográfica de Galicia**, <http://mapas.xunta.gal/portada>, Acceso 2022

CMAOT, **Catálogo das Paisaxes de Galicia**, <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>, Acceso 2022

AGADER, **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, <https://agader.xunta.gal/es>, Acceso 2022

Xunta de Galicia, **Augas de Galicia**, <https://augasdegalicia.xunta.gal/>, Acceso 2022

CHMS, **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, <https://www.chminosil.es/gl/>, Acceso 2022

Complementary Bibliography

Cànoves, G. et al., **Turismo de interior: renovarse o morir**, 1, PUV, 2014

Recomendacións

Other comments

Esta guía docente describe as liñas xerais da materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do grupo ou pola relevancia de situacións que poidan xurdir. Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma MooVi, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

IDENTIFYING DATA**Mentalidade, identidade e cambio social**

Subject	Mentalidade, identidade e cambio social			
Code	002G251V01910			
Study programme	Grao en Xeografía e Historia			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Campos Álvarez, José Ramón			
Lecturers	Campos Álvarez, José Ramón			
E-mail	xrcampos@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
General description	Análise xeral dos procesos e elementos mentais e ideolóxicos que conforman a identidade das sociedades, así como os cambios que se produciron no transcurso do tempo. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
D3	Capacidade de organización e planificación
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana	B2	D16
Análise dos comportamentos humanos e as estratexias de distintas institucións e organizacións sociais, políticas e relixiosas ao longo da Historia	B2	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	A4	B5
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	A4	C17
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	C18	D3 D5 D9

Contidos

Topic	
1. Introducción á Historia Social e das Mentalidades. Humanismo e ciencia.	1.1 As viaxes de descuberta: Unha nova visión do mundo.
2. Pensamento, Cultura e Identidade en América.	2.1 De Bolívar ao Bolivarianismo do século XXI. 2.2 Novas ideoloxías e novas identidades. Conflitividade social e violencia política. Indixenismo. 2.3 A música na cultura: A canción revolucionaria.

3. Migracións na época contemporánea: O caso galego. 3.1 Causas. Mentalidade de ida e volta. Influencia e cambios nas sociedades de acollida e de orixe.
3.2 Asociacionismo e identidade cultural.
3.3 Os retornados, entre a idea de cambio e a adaptación.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	15	30	45
Obradoiro	10	10	20
Traballo tutelado	10	20	30
Seminario	5	15	20
Resolución de problemas	8	2	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	22	24
Observación sistemática	0	1	1

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición das liñas de interpretación e desenvolvemento dos temas que forman parte do programa de contidos.
Obradoiro	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos e dixitais.
Traballo tutelado	Supervisión, dirección e resolución de problemas derivados da realización de traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Seminario	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistras.
Resolución de problemas	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo dos contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Seminario	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistras. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Resolución de problemas	Explicación das liñas xerais dos traballos persoais, revisión dos materiais utilizados polo alumnado e resolución de dúbidas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Obradoiro	Explicación das liñas xerais dos traballos persoais indicados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Obradoiro	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados (de análise e crítica) dos exercicios prácticos (lecturas, comentarios de texto, material gráfico e dixital) marcados polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas. Respecto a outras culturas e os modos de entender o home a súa contorna.	20	B5 C17

Traballo tutelado	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenrolar sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30		C18 D3 D5 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dunha proba na que se valorarán os coñecementos teóricos sobre diversos aspectos da materia, a capacidade de estruturación e relación dos contidos, así como a claridade expositiva. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana. Analise dos comportamentos humanos e as estratexias de distintas institucións e organizacións sociais, políticas e relixiosas ao longo da Historia.	40	B2	D16
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Avaliación continua do seu traballo autónomo, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia das mentalidades nunha perspectiva comparada	10	A4	

Other comments on the Evaluation

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo*).

Aqueles estudantes que non podan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

DUBY, G., **Historia de la vida privada**, 1ª, Crítica, 1991

Complementary Bibliography

ANDRÉS GARCÍA, M., **Indigenismo, Izquierda, Indio, Perú, 1900-1930**, 1ª, UNIA, 2010

CAGIAO VILA, P. (coord.), **A emigración galega a América do Sur**, 1ª, Hércules, 2013

DUBY, G., **Historia de las mujeres en occidente**, 1ª, Taurus, 1991-1993

ELLIOTT, J., **España, Europa y el mundo de ultramar**, 1ª, Taurus, 2009

GARCÍA JORDÁN, P. (coord.), **La articulación del Estado en América Latina. La construcción social, económica, política y simbólica de la nación, siglos XIX-XX**, 1ª, Universitat de Barcelona, 2013

MARTÍNEZ RUIZ, E., **La vuelta al mundo de Magallanes y Elcano. La gran odisea naval**, 1ª, Los Libros de la Catarata, 2022

MORANT, I. (dir.), **Historia de las mujeres en España y América Latina**, 1ª, Cátedra, 2006

SIXIREI, C.; CAMPOS, X.R. y FERNÁNDEZ, E., **Asociacionismo Galego (2 Vols)**, 1ª, Xunta de Galicia, 2001

SIXIREI PAREDES, C., **Navegar é preciso**, 1ª, Ir Indo Universitaria, 2020

VILLARES, R., **Historia da emigración galega a América**, 1ª, Xunta de Galicia, 1996

VOUVELLE, M., **Ideoloxías y Mentalidades**, 1ª, Ariel, 1985

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Historia de América contemporánea/O02G251V01901

Subjects that it is recommended to have taken before

Historia de América precolombina e colonial/O02G251V01105

Historia contemporánea universal/O02G251V01403

Historia moderna universal/O02G251V01402

Other comments

É necesario que o alumno/a sexa capaz de ler en portugués e inglés.

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<https://moovi.uvigo.gal>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

IDENTIFYING DATA**Historia contemporánea de Galicia**

Subject	Historia contemporánea de Galicia			
Code	002G251V01911			
Study programme	Grao en Xeografía e Historia			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department				
Coordinator	Prada Rodríguez, Julio Velasco Martínez, Luis			
Lecturers	Velasco Martínez, Luis			
E-mail	luis.velasco.martinez@uvigo.es jprada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
General description	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da acontecidos en Galicia ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	B1	C19	D1
Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral		C17	D7
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A4		D5 D9
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A3	C18 C23	D3 D4 D12
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.		C18	

Contidos

Topic	
1. Poboación e sociedade na Galicia contemporánea.	1.1. A evolución demográfica 1.2. A sociedade galega entre a crise do Antigo Réxime e os inicios do Estado Liberal. 1.3. Clases e movementos sociais (1876-1936). 1.4. A sociedade galega do franquismo aos nosos días.

2. A economía galega durante a Idade Contemporánea.	2.1. Os sectores agrario e pesqueiro. 2.2. A propiedade da terra na Galicia contemporánea. 2.3. Os sectores industrial e de servizos.
3. A evolución política de Galicia na idade contemporánea.	3.1. A crise política e a implantación do liberalismo (1780-1874). 3.2. Restauración, Ditadura e República (1874-1936). 3.3. Franquismo, transición e consolidación da autonomía en Galicia. 3.4. O galeguismo político.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	12	36	48
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	18	27	45
Traballo tutelado	5	35	40
Resolución de problemas de forma autónoma	2	2	4
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor.
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos, análise e interpretación de materiais gráficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado e co seu seguimento e orientación, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula virtual (enlace MooVi).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula virtual (enlace MooVi).

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	20	A4 D5 D9

Traballo tutelado	Presentación, defensa e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a bibliografía e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica e análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	25	A3 C18 D3 C23 D4 D12
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	5	C17 D7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valoraranse os coñecementos teóricos de la materia, a estruturación lóxica das ideas, a conciencia evolutiva dos distintos procesos históricos, a claridade expositiva, o espírito crítico, a madurez do estilo literario (sintaxe, léxico, ortografía, etc.) e a coherencia expositiva a través de dúas probas de avaliación que poderán incluír tanto probas de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas, composicións de texto histórico, etc. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos sobre 10. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia.	40	
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado e da súa participación activa, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuatrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	10	A4

Other comments on the Evaluation

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e, no seu caso, o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, participación en foros, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo), examinarase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada, mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas fixadas no curso, que suporarán en conxunto un 30% da nota. Todas estas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial de cada convocatoria ou oportunidade e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada una destas. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 64.g), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en cada unha das probas que conforman a parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Juana, J. de, e J. Prada (eds.), **Historia Contemporánea de Galicia**, Ariel, 2005

Complementary Bibliography

Barreiro Fernández, X. R. (Rodríguez Iglesias, Francisco, dir.), **Gallicia. Historia (Tomos V e VI)**., Hércules de Ediciones, 1991

Domínguez Castro, L. e G. Constenla, **Tempos de sermos**, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2002

Barreiro Fernández, X. R., **Historia Contemporánea de Galicia**, Gamma, 1983

Juana, J. de, e J. Prada, **El galleguismo: Historia y Textos. De los orígenes a la Declaración de Barcelona**, Obradoiro de Historia de Galicia, 2002

Recomendacións

Other comments

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.

IDENTIFYING DATA**Historia moderna de Galicia**

Subject	Historia moderna de Galicia			
Code	002G251V01912			
Study programme	Grao en Xeografía e Historia			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department				
Coordinator	López Díaz, María			
Lecturers	López Díaz, María			
E-mail	marial@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
General description	Coñecemento dos fundamentos básicos, principais acontecementos e procesos xerais de cambio acaecidos na sociedade galega da Idade Moderna.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
	B1	C19	D1	
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa contorna			D1	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas		C17	D5	
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A4	C12	D5	
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A3	B3	C13	D4

Contidos

Topic	
1. O medio e as bases socioeconómicas	1.1. O territorio e a identidade do reino 1.2. A poboación 1.3. A sociedade 1.4. As actividades e sectores económicos
2. Cultura e mentalidades	2.1. A cultura material, os costumes e mentalidades 2.2. A cultura letrada, o reformismo e a Ilustración
3. O modelo e a dinámica política: poderes e institucións	3.1. Os poderes do reino, un microcosmos corporativo 3.2. O poder soberano: poderes e institucións reais no reino 3.3. Galicia no contexto da Monarquía hispana: dos Reis Católicos a Guerra de Independencia

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours

Lección maxistral	15	30	45
Traballo tutelado	10	16	26
Resolución de problemas	7	14	21
Obradoiro	6	10	16
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	6	0	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22
Exame de preguntas obxectivas	2	6	8
Observación sistemática	0	4	4

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Explicación por parte do docente dos contidos teóricos do temario ou dunha parte do mesmo, salientando para o resto as liñas básicas que permitirán o desenvolvemento das actividades dirixidas relacionadas cos mesmos.
Traballo tutelado	Elaboración de traballos polo alumnado a partir de fontes bibliográficas, de xeito individual ou ben en grupo, que deberán ser expostos e debatidos na aula
Resolución de problemas	Elaboración de traballos relacionados cos contidos do temario nas sesións maxistras, entre os que se inclúen a realización de distintos tipos de exercicios prácticos e resolución de problemas. Tamén algunhas sesións de traballo con fontes da época moderna (no propio arquivo ou ben na aula).
Obradoiro	Actividades encamiñadas ao traballo intensivo do alumnado co obxectivo de afondar nos contidos dun tema, aspecto ou asunto concreto do programa, debido a súa especial dificultade, interese ou oportunidade. Implicará a lectura ou manexo de bibliografía específica. Dentro das mesmas inclúense dous seminarios programados.
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía ou ben pola Facultade de Historia.
Seminario	Sesións encamiñadas a orientar e asesorar o alumnado sobre o estudo dos contidos, a realización de traballos e actividades dirixidas e a preparación das probas de avaliación

Atención personalizada

Methodologies	Description
Obradoiro	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Seminario	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Avaliación

Description	Qualification	Training and Learning Results

Lección maxistral	Os contidos impartidos nas leccións maxistrais avaliaranse mediante a realización dun examen que inclúe preguntas de resposta curta e pechadas con diferentes alternativas de resposta ou ben preguntas cortas. Valoraranse os coñecementos teóricos e prácticos sobre a materia, así como a capacidade de relación dos contidos. Para superar a materia será preciso acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa historia dende una perspectiva sincrónica e diacrónica.	40	B1 C19 D1
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada, do traballo realizado de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Serán expostos o defendidos na aula. Valorarase o marco teórico, os contidos do mesmo, a estrutura, a claridade expositiva, a presentación, capacidade de síntese e análise crítica. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais e colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	25	A3 B3 C13 D4
Resolución de problemas	Presentación e entrega, nas datas sinaladas, dun dossier cos exercicios prácticos e actividades dirixidas realizadas na aula ou no arquivo segundo os criterios establecidos. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: análise e valoración dos conceptos e o uso de fontes e das interpretacións historiográficas.	15	C17 D5 C23
Obradoiro	Presentación, análise e crítica dos materiais traballados nos seminarios. Valorarase a capacidade de traballo, razocinio, fomento e participación no debate. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	10	A4 C12 D5
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación en tempo e forma das distintas tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: elaboración de traballos básicos e de iniciación.	10	B1 C19 D1

Other comments on the Evaluation

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua, así como facer a entrega en tempo e forma de todas as tarefas asociadas. Igualmente, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de []avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo*). Estes alumnos serán avaliados dos contidos da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que respresentará o 30% restante. O devandito traballo deberá estar asinado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción de avaliación global), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Dubert, I. (coord.), **Historia de la Galicia Moderna**, 1.ª edición, Universidad de Santiago de Compostela, 2012

Saavedra Fernández, P., **A Galicia do Antigo Réxime. Economía e Sociedade**, 1.ª edición, Hércules Ediciones, 1991

Saavedra Vázquez, M.^a del Carmen, **Historia de Galicia, Tomo IV: Galicia na Idade Moderna**, 1.^a edición, Vía Láctea Editorial, 1995

Rey Castelao, O., **A Galicia Clásica e Barroca**, 1.^a edición, Galaxia, 1998

